

VI SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

## A necesidade de conservar o noso litoral mediante a custodia do territorio

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 1 DE OUTUBRO

### **Eco-regata na ría de Betanzos**

A eco-regata é unha competición para ver quen recolle máis lixo na xunqueira. Poden participar tanto persoas con embarcacións de todo tipo coma as que non teñen ningunha. O obxectivo é compensar á natureza por permitírnos gozar durante todo o ano da súa paisaxe, dos servizos ambientais que proporciona e dun espazo de lecer para todos.

Cada equipo estará formado por unha lancha —cos papeis en regra— capitaneada polo seu patrón e por un grupo de persoas en terra que será o encargado de recolle-los refugallos e deposita-los sacos de lixo onde diga o patrón da lancha.

A cada equipo indícaráselle un sector de xunqueira, que é onde teñen que traballar. Os membros de cada equipo irán identificados cun pano de pescozo que entregará a organización, de xeito que pola cor se identifiquen os equipos. Cada equipo ten que escoller o refugallo máis singular que atope, que será presentado ante o xurado infantil do concurso. Os tres equipos gañadores serán premiados con cadansúa empanada para celebralo.

As liñas de saída e de meta estarán no porto de Betanzos. Os participantes deberán estar no peirao ás 09:30 horas. Para andar pola xunqueira é aconsellable levar botas de auga e pantalón largo, ademais de luvas. Recomendamos usar gafas (de sol, graduadas ou de seguridade), pois ó agacharnos para recoller refugallos podemos cravarnos accidentalmente a punta dun xunco nos ollos. A chegada será ás 13:30 horas e esperamos remata-lo evento ás 14:00.

Como a xunqueira non é doada de andar para os máis cativos, no porto organizaranse actividades infantís. Tamén contaremos con música, comida e bebida para ameniza-la xornada.

Na organización deste evento colaboran con Fragas do Mandeo a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, a Asociación de Amigos dos Ríos de Betanzos, a Asociación Ría do Pedrido, a Sociedade Gastronómica, Cultural, Deportiva e Xuvenil Lar de Unta, a Asociación Cultural Casa Castillo Betanzos e a Asociación Cultural Libre de Paderne Roxín Roxal. Tamén colaboran os concello de Bergondo e de Betanzos.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, data de nacemento, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aforrar no seguro. Se téis algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

A túa participación nesta actividade supón a aceptación da toma de imaxes por parte da organización e a súa publicación en informacións relacionadas con ela.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.